

FUNDACIÓN FRAGAS DO MANDEO

# Balance económico e de xestión

Exercicio 2018

O día 6 de xullo de 2010 constituíuse Fragas do Mandeo como entidade de custodia do territorio con fins de conservación da natureza da comarca de As Mariñas. Rematado o noveno ano natural, publica este informe de acordo coa lexislación vixente e seguindo a política de transparencia nas contas e na xestión.

## Balance de xestión

No noveno exercicio da entidade e de modo similar ó ano anterior, incrementouse pouco a superficie custodiada baixo os distintos tipos de acordos, medrando soamente un 3 % mediante a adquisición de varias parcelas. O ano estivo centrado no mantemento das parcelas custodiadas e especialmente en diversas actuacións realizadas na Reserva de Anfibios do Catorce, polo que deliberadamente non se investiron en parcelas os ingresos obtidos, de maneira que se dispuxera da liquidez económica precisa para executa-las. Ademais do traballo na reserva de anfibios, hai que salienta-lo esforzo realizado na parcela Espenuca e a continuación das actuacións de erradicación de especies exóticas invasoras nas zonas apadriñadas.

Continuáronse as actividades tendentes á difusión da actividade e dos obxectivos da entidade, e a divulgar-la custodia do territorio como instrumento xurídico para a conservación da natureza. Mantívose actualizada a páxina web, incrementáronse os seus contidos e tódolos meses ofreceuse nova información no blog de noticias. Paralelamente participouse en diversos eventos e organizouse a *VII Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*, na que interviñeron diversos expertos nas ciencias naturais. Os doadores e as asociacións colaboradoras mantivéronse informadas dos avances efectuados.

Mantivéronse os dous convenios de custodia do territorio co Concello de Coirós e o asinado coa Universidade da Coruña. Grazas a este, os seus alumnos realizaron prácticas baixo o sistema aprendizaxe-servizo en zonas custodiadas ou apadriñadas por Fragas do Mandeo. O estudo destes enclaves proporcionará información que permitirá maior eficacia nas accións de custodia.

A diferenza de anos anteriores, durante o exercicio non se realizaron mesas informativas nin rastroliños solidarios. Aínda que son un medio de ter presenza na rúa difundindo os obxectivos da entidade, e para obter fondos económicos adicionais, diversas circunstancias non o permitiron, entre elas a falta de tempo polo incremento das tarefas de mantemento das parcelas.

O patrimonio inmobiliario veuse incrementado mediante a adquisición de cinco parcelas. Dende un punto de vista contable significou un aumento do 2 % respecto do ano anterior. No caso do activo corrente, este reduciuse nun 57 % como consecuencia do gasto nas actuacións na Reserva de Anfibios do Catorce durante o exercicio.

## Dotación fundacional e recursos

A dotación fundacional mantense coma inicialmente, pero aféctanse as parcelas mercadas. Todas estas novas parcelas están situada no concello de Coirós.

A fin de ano, a extensión das parcelas en propiedade que forman parte da dotación fundacional, ou foron afectadas permanentemente ós fins fundacionais polo padroado, é de 105.717 m<sup>2</sup>. No tocante ó activo non corrente, diminuíu moi lixeiramente (277 euros), pois o investimento de 1.281,90 euros na compra de parcelas veuse reducido pola depreciación do utillaxe, para rematar totalizando a fin de ano os 57.257,13 euros.

## Ingresos

Os ingresos do ano 2018 mantéñense no seu conxunto en liña co ano anterior, cun incremento total do 4 %. Do mesmo xeito que en exercicios anteriores, proceden principalmente das doazóns en efectivo de particulares.

En segundo lugar de importancia están as subvencións públicas. Amosan un decrecemento significativo respecto do ano precedente e lonxe do que sumaron no 2015, ano no que se obtivo unha subvención do Agader. Volveuse a solicitar este tipo de subvencións no 2018, coa presentación do proxecto da Reserva de Anfibios do Catorce, que sería abonada posteriormente, xa no 2019.

Estas subvencións teñen carácter finalista e son un recurso útil para as actuacións de mantemento das parcelas custodiadas. Lamentablemente, non se convocaron no ano subvencións gobernamentais que permitan financiar acordos de custodia, tales como os de adquisición de parcelas.

En conxunto as fontes de ingresos seguen a presentar diversidade, compensándose as fluctuacións respectivas. A independencia respecto do sector público vese reflectida no feito de que a única subvención pública recibida non chega á sétima parte dos ingresos (exactamente supón o 13 %).

As doazóns en efectivo de particulares, asociacións e empresas acadaron o 77 %, o que significa un incremento de 3 puntos porcentuais respecto do ano anterior. Pode falarse dun mantemento das doazóns grazas á fidelidade dos doadores particulares, malia a falta de estímulos (mercouse menos dunha hectárea de superficie no período), pois incluso subiron un 10 %. Supoñen o 65 % dos ingresos e foron asumidos por 48 doadores que achegan unha media de 124,71 euros por persoa. Os seguintes capítulos en importancia son a actividade propia (10 % do total), as asociacións colaboradoras (9 %), e as doazóns empresariais (2 %).


No apartado de doazóns de entidades colaboradoras, as entidades que manteñen a colaboración achegan cifras similares a anos anteriores.

O apartado de actividade propia está conformado por ingresos de donativos realizados en eventos, unha venta esporádica de obxectos do rastrillo e ingresos varios da Semana de Custodia. Este capítulo segue a ser baixo, insuficiente para cubri-lo importe dos gastos non subvencionados.

Resumindo: Os ingresos medran moderadamente, estando basicamente en liña co ano precedente.

Ingresos dinerarios	Ano 2018	Ano 2017
Doazóns de particulares	5.986,00	5.425,00
Donativos mesas	590,00	0
Doazón da A. C. Lar de Unta	250,00	250,00
Doazón da A. C. Roxín Roxal	300,00	300,00
Doazón da A. C. O Rabo do Galo	0,00	288,13
Doazón do G. N. Hábitat	300,00	300,00
Subvención Deputación da Coruña e outras	1.205,44	1.999,25
Subvención Agader	0	0
Empresas	200,00	55,00
Outros ingresos	316,72	192,00
Xuros bancarios	0	0
<b>Total (euros):</b>	<b>9.148,16</b>	<b>8.809,38</b>


Ingresos 2018



Ingresos 2010-2018



Evolución anual dos ingresos



## Investimentos e gastos


A diferenza dos anos anteriores, o exercicio do 2018 está caracterizado por un elevado gasto e unha contención nos investimentos. Trala sinatura no 2016 do convenio de custodia do territorio co Concello de Coirós, co obxectivo de crea-la Reserva de Anfibios do Catorce, creouse a necesidade de dispoñer de liquidez para poder afrontar no ano 2018 as obras previstas nela. Consecuentemente, mercáronse poucas parcelas, pero houbo un gasto elevado correspondente á execución destas obras.

Investimentos e gastos	Ano 2018	Ano 2017
Adquisición de fincas <sup>1</sup>	1.655,55	2.445,32
Proxecto Espenuca	9,10	7,90
Proxecto Sobrado	18,00	0
Proxecto Reserva do Catorce	18.542,90	0
Proxecto Reserva do Olló da Roda <sup>2</sup>	20,79	694,12
Equipamento	10,30	0
Accións de voluntariado	220,00	829,16
Gasto corrente	602,66	543,00
<b>Total (euros):</b>	<b>21.079,30</b>	<b>4.519,50</b>


<sup>1</sup> Inclúe os gastos aparelados de notaría e rexistro.

<sup>2</sup> Inclúe os gastos de arrendamento.


### Investimento e gasto 2018



### Investimento e gasto 2010-2018



### Evolución anual dos investimentos e gastos



No 2018 apenas se mercou equipamento, pois nos últimos anos adquiriuse o equipamento necesario para as accións de voluntariado, considerado actualmente como suficiente. A nivel contable ese equipamento segue amortizándose durante 4 anos, aínda que a súa utilidade na realización de actividades de voluntariado ambiental previsiblemente se prolongará por moitos anos máis.

A diferenza do ano anterior, o gasto en accións de voluntariado vese reducida. O motivo é que no 2017, ademais dos seguros dos voluntarios (seguros de accidentes e de responsabilidade civil), tamén houbo un gasto extraordinario (unhas camisetas destinadas ó voluntariado).


## Gasto corrente

A cifra total de gasto corrente ten un valor lixeiramente superior ó do ano anterior, supoñendo un 6,6 % dos ingresos en efectivo do ano. Esta porcentaxe é baixa para unha ONG, sendo incluso inferior á media do período 2010-2018 (8,3 %).


Hai que salientar, como en anos anteriores, a ausencia de gastos en nóminas, pois son os voluntarios os que asumen todo o traballo, tanto interno como boa parte do realizado nas zonas custodiadas. Tamén grazas á súa xenerosidade, o resto dos capítulos do gasto corrente son moi reducidos, incluso contabilizándose como nulos os gastos de local, auga, electricidade, limpeza, mantemento, ADSL, quilometraxe, equipamento informático ou funxibles. O mesmo ocorre co deseño e a programación da web (valorados en 15.086 euros), os contidos da web e as súas traducións (valorados en 44.059 euros), a presenza nas redes sociais, os desprazamentos, a xestión, a administración e os trámites oficiais, pois todos tiveron custo cero para a entidade.

Gasto corrente	Ano 2018	Ano 2017
Seguro entidade	103,50	103,50
Telefonía	300,19	244,28
Aloxamento e dominios de Internet	96,78	96,78
Papelería	26,02	38,22
Gastos varios	16,94	2,58
Comisións bancarias	22,57	25,15
Taxas	36,66	32,49
<b>Total (euros):</b>	<b>602,66</b>	<b>543,00</b>

Gasto corrente 2018: 6,6 %



Evolución da porcentaxe de gasto corrente




## A evolución dos fondos de conservación e de actividade

Na gráfica seguinte pode observarse a evolución do fondo Conservación, efectivo procedente das doazóns de particulares, asociacións e empresas destinado exclusivamente a investir na adquisición de parcelas (a diferenza de informes anteriores, inclúe tamén o destinado a notaría e rexistro). A necesidade de ter liquidez no 2018 para abona-los pagos das obras na Reserva de Anfibios do Catorce, levou a que presente a fin de ano unha cifra elevada pendente de investimento, que poderá ser executada nos seguintes exercicios.

### Evolución do fondo Conservación


(cifras anuais acumuladas)



O fondo Actividade nítrese dos ingresos da actividade propia e das subvencións. O exercicio anterior rematou cun remanente de 1.986,48 euros, ós que hai que sumar os 2.112,16 euros do exercicio. Deixando aparte o investido na adquisición de montes, o gasto anual foi de 19.423,75 euros, polo que o fondo quedou en negativo. Esta situación foi temporal: A subvención de 16.626,58 concedida no ano para as obras da Reserva de Anfibios do Catorce foi abonada no seguinte exercicio. De ter sido abonada no ano, o fondo tería rematado o exercicio en positivo, cun total de 927,82 euros.

Aínda así, os gastos foron máis elevados que os ingresos do fondo, pois a subvención para as obras da reserva non cubriron o 100 % dos gastos, o que significaría un decrecemento do 53 % do fondo. Isto implica que para poder seguir destinando o 100 % das doazóns de particulares, asociacións e empresas a abona-lo importe das parcelas que se mercan, incluíndo os gastos aparellados, será necesario incrementa-los ingresos por actividade propia nos seguintes exercicios, algo difícil de acadar se non se realizan rastrillos.

### Evolución do fondo Actividade




## Adquisición de fincas

A superficie total adquirida supuxo unha cifra modesta en superficie, correspondendo a cinco parcelas mercadas, cunha superficie total de 8.546 m<sup>2</sup> e situadas no entorno do río Mandeo, no termo municipal de Coirós. O incremento da superficie custodiada foi do 3 %, permitindo acadala cifra total de 267.594 m<sup>2</sup>.

Tal como se adiantou, o motivo polo que a superficie en propiedade soamente se viu aumentada moderadamente foi a necesidade de ter liquidez para adiantar os pagos dos traballos na Reserva de Anfibios do Catorce, cubertos en gran parte por unha subvención.

### Superficie custodiada (m<sup>2</sup>)



## Mantemento de propiedades

As tarefas de mantemento do ano 2018 foron acometidas en parte con voluntariado e en parte mediante profesionais.

Por unha banda, os voluntarios responsabilizáronse do mantemento en xeral das parcelas. Entre outros traballos, continuaron o iniciado a finais do ano anterior na parcela Espenuca, de 16.846 m<sup>2</sup> de superficie, até completar a roza de toxos, xestas e silvas en toda a parcela, pois xa acadaban un tamaño que limitaba o crecemento das árbores plantadas.

Na Reserva de Anfibios do Catorce, de 38.527 m<sup>2</sup> de superficie, os voluntarios continuaron eliminando especies exóticas. Na zona de bosque cortaron tódolos eucaliptos e amorearon a ramallada (tanto da corta do ano como da que fixera o concello antes do convenio). Tamén eliminaron exemplares de dúas especies exóticas invasoras (*Cyperus eragrostis* e *Conyza canadensis*). Por último, rozaron a vexetación nos camiños e renovaron unha das charcas retirando o exceso de vexetación palustre.

No ano tamén se acometeron nela traballos que precisaron da intervención de profesionais. Creouse unha nova charca, impermeabilizándoa cun muro de arxila. Tamén se impermeabilizou con arxila unha das charcas creada no 2016, e escavouse unha gabia ó longo do camiño interior para levarlle auga de choiva. Amañouse o antigo edificio de vestiario como refuxio para visitantes: instalouse un



novo tellado, derrubouse o muro interior divisorio, botouse o solo, abríronse novas fiestras, puxéronse bancos, pintouse o interior e colocouse unha cancela para pechalo. No transformador tamén se renovou a cuberta, instalouse unha plataforma interior para crear un refuxio de morcegos, dotándoo de escaleira interior e de caixas niño de aves nocturnas e diúrnas, e finalmente pechándoo cunha cancela. Instalouse un balado de seguridade nas zonas de desnivel da canteira abandonada, con tramos en madeira nos lugares que funcionan como miradoiros, un panel informativo, carteis de advertencia e unha cancela na entrada que impide o acceso de vehículos. Tamén se retirou toda a uralita con amianto utilizada na cuberta dos edificios e nun depósito de auga. Por último, especialistas en poda en altura cortaron os eucaliptos que medraban na parede da canteira.

Nas parcelas propiedade da Fundación en Os Vellois repasáronse os rebrotes de eucaliptos e rozáronse os toxos, xestas e silvas. Nas parcelas arrendadas e mercadas para constituí-la Reserva de Anfibios do Olla da Roda, volveu recollese lixo e erradicáronse as reparaicións de flora exótica invasora (*Crocasmia x crocosmiiflora* e *Ligustrum ovalifolium*).

Continuouse co mantemento do observatorio ornitolóxico situado nunha das nosas fincas da lagoa de Sobrado, podendo os rebrotes de salgueiros que medran diante para que non impidan a observación (non foi preciso realizar reparacións). As dúas fincas custodiadas en Sobrado visitáronse periodicamente, tanto para o mantemento como para limpa-lo observatorio, totalizando no ano 6 visitas.

## Apadriñamento

Paralelamente á custodia das dúas fincas de Sobrado, o apadriñamento da lagoa traducíuse na recollida de lixo na súa contorna, no aparcadoiro e no tramo de camiño xacobeo que pasa ó seu carón en tódalas visitas. No resto das zonas apadriñadas, boa parte do traballo durante o ano estivo centrado na loita contra as especies exóticas invasoras.

Dentro do espazo natural protexido ZEC Betanzos-Mandeo actuouse en diversos puntos. Na praia da Alameda (concello de Miño), os voluntarios recolleron en varias xornadas o lixo e erradicaron as invasoras que están a poñer en risco a súa biodiversidade. As especies eliminadas durante este ano foron *Cortaderia selloana*, *Crocasmia x crocosmiiflora*, *Cyperus eragrostis*, *Conyza canadensis*, *Aster squamatus*, *Bidens frondosa* e *Populus x canadensis*.

Continuouse co apadriñamento da praia Grande de Miño, próxima ó espazo natural. Na praia e na súa marisma se recolleron 185 kg de lixo e se eliminaron oito especies exóticas (*Carpobrotus edulis*, *Conyza canadensis*, *Aster squamatus*, *Cyperus eragrostis*, *Vinca difformis*, *Crocasmia x crocosmiiflora*, *Bidens aurea* e *Yucca gloriosa*). Na marisma do Lambre, contigua ó espazo natural, elimináronse un par de invasoras (*Buddleja davidii* e *Crocasmia x crocosmiiflora*) e se retiraron 366 kg de lixo no tramo final do río.

A primeiros do ano realizouse unha limpeza no espazo natural protexido ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre, no brazo do río Mero. Na quinta edición da eco-regata retiráronse da marisma da ría de Betanzos 8 m<sup>3</sup> de lixo, volume ó que hai que sumar 24 rodas (22 de camiión, 1 de tractor e 1 de coche).

Os tramos dos ríos Mandeo, Mendo, Lambre e rego das Bouzas apadriñados suman 17 km de lonxitude. Periodicamente foron percorridos para retirar lixo e erradicar rebrotes de invasoras.

No río Mandeo, no tramo de 6 km entre o Tope (augas arriba da pontella de Cal dos Arados) e a ponte de Teixeira, os voluntarios recolleron lixo en repetidas ocasións e eliminaron varias invasoras (*Cro-*



*cosmia x crocosmiiflora*, *Tradescantia fluminensis*, *Cyperus eragrostis*, *Hydrangea sp.* e *Acacia melanoxylon*). Seguiu prestándose especial dedicación á eliminación de *Tradescantia fluminensis* no balneario do Bocelo (Paderne) e no rego das Bouzas (Coirós).

No río Mendo, no tramo de 8 km entre as pontes de As Moas e a de Taibo, os voluntarios recolleron todo tipo de refugallos nas dúas beiras e eliminaron *Crocsmia x crocosmiiflora* e *Ligustrum ovalifolium*, aínda que deste último aínda queda bastante por eliminar.

## Voluntariado

A entidade contou con suficientes voluntarios para acometer os traballos de mantemento, se ben de dispoñer dun maior número permitiría abordar máis actuacións de apadriñamento. Acabou o ano coa colaboración de 89 voluntarios distintos para os traballos no campo, cifra á que habería que sumalos 9 voluntarios do Campo de Traballo Internacional Monte da Espenuca (promovido por Fragas do Mandeo e solicitado polo Concello de Coirós), os 8 participantes do voluntariado ambiental do litoral da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, a colaboración da empresa CPR Gestión nas tarefas de administración, os voluntarios que programan e xestionan os contidos da web e traducen os textos, ou que realizan as diversas tarefas de xestión. O número de horas dedicadas polo voluntariado equivale a 281 xornadas laborais de 8 horas.


Nas xornadas de campo traballaron 46 mulleres que sumaron 106 xornadas; os 43 homes sumaron 88 xornadas. A participación media por persoa foi de 2,2 xornadas (cun rango que vai dende 1 a 15 xornadas).

## Difusión da entidade

A difusión da entidade a través de Internet seguiu sendo o principal recurso, por ser un medio con custos moi reducidos. O total de contidos da web acadou a final de ano unha extensión de 123.150 palabras para a versión en galego. Sumando os textos xa traducidos ó castelán, inglés e alemán, totalízase unha extensión de 379.838 palabras. Estas cifras están en liña co incremento de anos anteriores, aínda que non reflicten a actualización de contido. Ademais das noticias, creouse unha páxina específica para informar sobre as árbores que son autóctonas da bisbarra.


Ó longo do ano publicáronse 28 entradas na sección de noticias, cunha media de 2,3 por mes. A través dela anunciáronse as actividades programadas e a participación da entidade en diversos foros.

**Dimensión da web**  
(en palabras)




## Uso da web

192.526 páxinas servidas en 2018



## Tráfico da web



A final de ano contabilizáronse 53.903 visitas realizadas por 20.018 visitantes distintos, cun total de 192.526 páxinas servidas. A media mensual de visitantes distintos foi de 1.668 persoas, producíndose un incremento do 5 % respecto do ano anterior. Pero este incremento non afecta de xeito similar ó número de visitas, que foron inferiores ás do ano anterior.

O número de páxinas servidas por visitante distinto (9,6) sube con respecto ó ano anterior un 9 %, mellorando os resultados dos cinco anos anteriores. Pola contra, aínda que o volume de páxinas servidas aumentou con respecto do ano anterior, segue sen igualar as cifras dos catro anos anteriores. O posicionamento da web de Fragas do Mandeo nos buscadores seguiu a ser razoable (aínda que mellorable cando se buscan determinados termos relacionados coa súa actividade).

Para promove-lo voluntariado ambiental na bisbarra de As Mariñas, e así poder comunicar cos potenciais participantes nas actividades programadas pola entidade, continuouse co mantemento da conta na rede social Facebook ([www.facebook.com/voluntariadomandeo/](http://www.facebook.com/voluntariadomandeo/)). No exercicio publicáronse 13 comunicacións que suman 2.687 palabras e 66 imaxes, alcanzando a 29.764 persoas.

A presenza nos medios de comunicación segue a ser modesta, con aparición esporádica na prensa diaria.

Para dar a coñece-la entidade noutras vilas da bisbarra, Fragas do Mandeo fai presentacións sobre a súa actividade e fins sempre que ten ocasión. No 2018 deu charlas en Coirós, Aranga, Oza dos Ríos, Rábade e dúas na Coruña, ás que hai que engadir a impartida no campo internacional de traballo en Coirós e na Semana de Custodia en Sada.

## Promoción da custodia

A promoción e difusión da custodia do territorio, como en anos anteriores, seguiu a facerse a través de varias liñas de traballo:

**Participación en eventos:** A entidade deu unha charla en febreiro no marco dos *Encontros Naturalistas* organizados polo Grupo Naturalista Hábitat, na Coruña, para expoñer o seu traballo de custodia. Co mesmo obxectivo interveu na presentación do Life Fluvial no lugar de Chelo (Coirós), en marzo, invitada pola Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos. Na Universidade da Coruña, participou no mes de maio nun debate sobre especies exóticas invasoras, na que explicámo-lo traballo da entidade neste eido a través da custodia e do apadriñamento. No mesmo mes, déuselles unha charla sobre custodia ós participantes no curso de monitor de actividades de tempo libre organizado pola Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo en Aranga. A entidade participou en novembro na *Xornada sobre custodia do territorio e conservación de espazos naturais protexidos*, organizada en Rábade (Lugo) pola Asociación Galega de Custodia do Territorio. Por último, en decembro impartíuse unha charla no *Obradoiro de Emprego Activa III Oza-Cesuras-Coirós*.

**Organización da semana de custodia:** Fragas do Mandeo encargouse de organizar, coa colaboración da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, a *VII Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*, co obxectivo de promover o voluntariado ambiental e de realizar actuacións de conservación en distintos puntos da bisbarra.

**Participación na Rede Galega:** Fragas do Mandeo continuou a formar parte da Rede Galega de Entidades de Custodia do Territorio, mediante a que estas organizacións temos unha representación ante a Administración e a sociedade en xeral.

Na páxina web seguen a manterse documentos e información actualizada relacionada coa custodia do territorio, aparte das noticias ó respecto, de maneira que o público poida informarse e resolver as súas dúbidas nesta materia.

## Política lingüística

O idioma de uso habitual na entidade é o galego. Seguindo a política de non discriminación lingüística, os doadores e mailos voluntarios poden escolle-lo idioma de relación coa entidade.

O usuario da web da entidade pode escoller entre catro idiomas (galego, castelán, inglés e alemán). Tódalas páxinas da web están traducidas do galego ó castelán no momento da súa publicación. As traducións ó inglés e ó alemán van avanzando ó ritmo que poden os tradutores voluntarios. A final de ano o 84% das entradas estaban traducidas.

No caso da conta de Facebook, soamente se usa o galego, pois o software non facilita ter versións en distintos idiomas.

## Política de igualdade

Grazas a non existir actitudes ou políticas discriminatorias, e tamén debido ó maior volume de participación, as diferenzas nas estatísticas por sexo que aparecían nos primeiros anos diminuíron. De feito, no voluntariado a relación foi equilibrada, pois nas xornadas de traballo de campo participaron aproximadamente o mesmo número de mulleres que de homes. En datos concretos, as primeiras superaron ós segundos soamente nun 7 %, aínda que hai que salientar que traballaron claramente máis xornadas, superando nun 20 % ós homes.

Segue habendo un desequilibrio nos doadores particulares, habendo actualmente 1,5 homes por cada muller, pero redúcese respecto do ano anterior. Esta redución resulta máis notable no tocante ó importe medio das doazóns en metálico. O ano anterior as doazóns das mulleres superaban ás dos homes nunha media 34 euros, cifra que agora baixa a 2,40 euros. Esta diferenza sempre foi significativa, amosando o maior compromiso das doadoras, até o maior equilibrio neste exercicio.

Os representantes no padroado seguen a ser todos homes, malia terse renovado durante o exercicio.

A política de igualdade tamén inclúe a non discriminación por idades (onde o rango no voluntariado abrangueu dende os 10 até os 78 anos, cun promedio de 43 anos), nin de procedencia (ademais dos nativos, participaron persoas procedentes a lo menos de cinco países estranxeiros), nin da cor da pel.

## Planificación para o ano 2019

O padroado da entidade ten previsto centrarse no ano 2019 nas seguintes liñas de actuación:

- Continuar coa adquisición de parcelas nalgunha das tres zonas de alto valor ecolóxico nas ribeiras do ríos Mandeo e Mendo, nos concellos de Aranga, Coirós e Oza-Cesuras, para o que se contemplou no plan de actuación destinar 6.500 euros.
- Mantemento do observatorio e das fincas de Sobrado dos Monxes, para o que se contemplou no plan de actuación destinar 100 euros, en previsión de actos vandálicos e deterioracións naturais.
- Promoción da custodia do territorio en Galicia, mediante a participación en xornadas ou encontros que poidan seren sufragados con fondos alleos á entidade; participando na Rede Galega de Entidades de Custodia do Territorio (100 euros de cota); organizando a *VIII Semana de Custodia nas Mariñas*, para a que se buscará financiamento externo; por último, a través da súa difusión na páxina web da entidade.
- Mantemento das zonas custodiadas (fincas cedidas ou adquiridas en Aranga, Coirós, Oza-Cesuras e Sobrado dos Monxes) e apadriñadas mediante voluntariado ambiental, coa eliminación da flora alóctona, retirada de lixo e reforestación con especies autóctonas, para o que se contemplou un gasto de 1.600 euros.
- Mantemento da difusión a través da web, do Facebook e de charlas (100 euros de custe previsto).

## Aplicación dos principios de transparencia e boas prácticas

Dende o seu nacemento, Fragas do Mandeo ten a vontade de segui-los principios de transparencia e boas prácticas recomendados pola Fundación Lealtad, como mecanismo para garantir que se dea resposta ás demandas de información da sociedade.

### 1. Principio de Funcionamento e Regulación do Órgano de Goberno

- A. *“El órgano de gobierno estará constituido por un mínimo de 5 miembros.”*

Tal como regulan os estatutos, o padroado está composto por tres membros, en representación das tres entidades que participaron na creación de Fragas do Mandeo. Aínda que a recomendación é que debe estar constituído por un mínimo de 5 membros, considérase que o modesto tamaño da entidade non require máis membros dos que ten. Asemade, dado o seu carácter de representantes de entidades, significa a existencia dun segundo nivel de control da súa xestión.

- B. *“El órgano de gobierno se reunirá al menos 2 veces al año con la asistencia física o por videoconferencia de más del 50% de los miembros del órgano de gobierno.”*

O padroado reuniuse en xunta de goberno 8 veces no ano 2018, participando presencialmente tódolos seus membros. Adicionalmente, realizáronse outras reunións presenciais, e contactos permanentes por vía telemática.

- C. *“Todos los miembros del órgano de gobierno asistirán en persona o por videoconferencia, al menos, a una reunión al año.”*

Como se indica no punto B, tódolos membros do goberno asistiron presencialmente ás reunións máis dunha vez no ano.

- D. *“Respecto a los miembros del órgano de gobierno, serán públicos los nombres, profesión, cargos públicos y relación de parentesco y afinidad con otros miembros del órgano de gobierno y con el equipo directivo de la organización. Será público el currículum vitae de los miembros del equipo directivo. La organización hará públicas las relaciones que existan entre miembros del órgano de gobierno y los proveedores y co-organizadores de la actividad.”*

O nome, profesión e currículo dos membros do padroado están publicados na web. Non teñen relacións de parentesco entre si ou con provedores e co-organizadores.

- E. *“Sólo un número limitado de los miembros del órgano de gobierno podrá recibir ingresos de cualquier tipo, procedentes tanto de la propia organización como de otras entidades vinculadas. Este porcentaje será inferior al 40% de los miembros.”*

Ningún membro do padroado ou do voluntariado percibe ingresos da entidade, directa ou indirectamente.

- F. *“Los miembros del órgano de gobierno se renovarán con cierta regularidad.”*

Os estatutos contemplan a renovación periódica do órgano de goberno, procedéndose á súa renovación no 2018.

- G. *“Existirán mecanismos aprobados por el órgano de gobierno que eviten situaciones de conflicto de interés en el seno del órgano de gobierno. Estos mecanismos serán públicos.”*

Están pendentes de elabora-los mecanismos de resolución dos conflitos de intereses no órgano de goberno.

## 2. Principio de Claridade e Publicidade do Fin Social

- A. *“El fin social estará bien definido. Deberá identificar u orientar sobre su campo de actividad y el público al que se dirige.”*

O fin social está definido no artigo 6 dos estatutos, e o público ó que se dirixe no artigo 11. Na páxina web explícanse en detalle, estando tamén dispoñible na mesma o texto íntegro dos estatutos.

- B. *“Todas las actividades que realice la organización estarán encaminadas a la consecución del fin social, de modo que la organización no lleve a cabo actividades que no estén explícitamente contempladas en sus Estatutos.”*

Tódalas actividades realizadas e programadas están contempladas no artigo 7 dos estatutos.

- C. *“El fin social será conocido por todos los miembros de la organización, incluidos los voluntarios y será de fácil acceso para el público.”*

Tódolos membros da organización, padroado e voluntarios, coñecen en detalle os seus fins sociais. O público ten acceso a eles na web da entidade.

## 3. Principio de Planificación e Seguimento da Actividade

- A. *“Existirá un plan estratégico o un plan anual que englobe toda la organización con objetivos cuantificables, cronograma y responsables. Serán públicos los objetivos relacionados con el área de proyectos.”*

Durante o ano 2018 seguiuuse o plan de actuación correspondente. Para o seguinte exercicio elaborouse o plan de actuación do ano 2019, onde se detallan datas e actividades, entregado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia. A información sobre as actividades e as datas de realización vanse publicando na web segundo vai concretándose a súa organización. Existe unha páxina específica na web respecto ás campañas en marcha, cos seus obxectivos e localización.

- B. *“La planificación tendrá que estar aprobada por el órgano de gobierno.”*

O plan de actuación foi aprobado por unanimidade polo padroado.

- C. *“Durante los últimos tres años, los programas habrán seguido una línea de trabajo específica.”*

Estase a segui-la mesma liña de traballo dende a creación da entidade.

- D. *“Contarán con sistemas formalmente definidos de control y de seguimiento interno de la actividad y de los beneficiarios. Estos estarán aprobados por el órgano de gobierno.”*

Os sistemas de control e seguimento están pendentes de redactar.

- E. *“La organización elaborará informes de seguimiento y finales justificativos de los proyectos que estarán a disposición de los financiadores.”*

En cada adquisición de fincas infórmase ós doadores da cantidade investida e dos metros cadrados mercados. Con respecto á parcela arrendada ó Banco de Terras de Galicia, emitiuse o correspondente informe anual no primeiro trimestre do 2018.

- F. *“La organización contará con criterios y procesos de selección de proyectos y contrapartes aprobados por el órgano de gobierno.”*

Están pendentes de elaborar.

#### 4. Principio de Comunicación e Imaxe Fiel na Información

- A. *“Las campañas de publicidad, captación de fondos e información pública reflejarán de manera fiel los objetivos y la realidad de la organización y no inducirán a error.”*

A web da entidade recolle fielmente toda a información existente. O folleto impreso para a campaña de publicidade e captación de fondos recolle información clara e fidedigna.

- B. *“Al menos una vez al año se informará a los donantes y colaboradores sobre las actividades de la organización.”*

Os doadores e colaboradores recibiron información periódica por correo electrónico. A excepción de anos anteriores, por diversos motivos durante o exercicio non se celebraron reunións con tódalas directivas das asociacións doadoras (aquelas que non forman parte do padroado) para explica-las actividades e os avances da entidade.

- C. *“Son requisitos para llevar a cabo la comunicación de forma eficiente contar con correo electrónico institucional y página web propia en funcionamiento, con información de todas las actividades de la organización y actualizada al menos una vez al año.”*

A entidade conta cunha páxina web permanentemente actualizada, e enderezo electrónico xestionado diariamente.

- D. *“La organización pondrá a disposición de quien lo solicite la memoria anual de actividades y la memoria económica anual. La memoria anual de actividades y los estados financieros con su correspondiente informe de auditoría serán accesibles a través de la web.”*

O informe anual de balance económico e de xestión está publicado na web e accesible para todo o público, e así se fará co presente informe. Non se ten realizado a auditoría externa das contas polo reducido volume destas e o custo aparelado.

#### 5. Principio de Transparencia no Financiamento

- A. *“Las actividades de captación de fondos privados y públicos, su coste y su recaudación anual (donaciones, socios y otras colaboraciones) serán públicos.”*

O balance de doazóns e a súa procedencia están recollidas neste informe. Non se fixo ningunha campaña de captación de fondos no ano 2018.

- B. *“Serán públicos los fondos recaudados con detalle de los principales financiadores, tanto públicos como privados, y las cantidades aportadas por los mismos.”*

Os fondos recadados están publicados neste informe, así como o nome das asociacións que fixeron doazóns. A máxima doazón dunha empresa foi soamente do 2,8 % do total das doazóns, e a máxima dun particular o 5,7 %, polo que non se informa dos seus nomes.

- C. *“Será conocida la imputación de los fondos recaudados a la actividad de cada año, debidamente documentada.”*

No apartado económico deste informe detállase o destino dos fondos.

- D. *“En caso de solicitar datos personales, la organización incluirá en sus soportes de recogida de datos la información pertinente según la legislación vigente en materia de datos personales. La organización tendrá registrados sus archivos de socios y donantes particulares en la Agencia de Protección de Datos.”*

Está pendente de dar de alta o ficheiro de datos de doadores e voluntarios na Axencia de Protección de Datos. Na súa recollida infórmase dos dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición que outorga a lei.



- E. *“Existirán criterios de selección de empresas y entidades colaboradoras aprobados por el órgano de gobierno.”*

Están pendentes de redactar.

- F. *“Los acuerdos de cesión del logotipo de la entidad a empresas e instituciones deberán estar formalizados por escrito. Las cláusulas de cesión del logotipo no serán confidenciales.”*

Non se cedeu o uso do logotipo a terceiros.

## **6. Principio de Pluralidade no Financiamento**

- A. *“La organización deberá diversificar su financiación con fondos públicos y privados. En ningún caso los ingresos privados serán inferiores al 10% de los ingresos totales.”*

A meirande parte dos ingresos da entidade foron privados. As subvencións públicas recibidas supuxeron o 13 % do total dos ingresos, polo que non se considera que exista dependencia dos fondos públicos.

- B. *“La organización contará con una variedad de financiadores externos que favorezca la continuidad de su actividad. Ninguno de ellos aportará más del 50% de los ingresos totales de la organización de forma continuada durante los dos últimos años.”*

Ningún dos doadores ten achegado máis do 50 % dos ingresos. A doazón particular de maior importe en metálico supuxo o 4 % do total dos ingresos do ano; a doazón de asociación colaboradora de maior importe supuxo o 3 % do total, e a de empresa o 2 %.

## **7. Principio de Control na Utilización de Fondos**

- A. *“Será conocida la distribución de los gastos de funcionamiento agrupados en las categorías de Captación de Fondos, Programas-Actividad y Gestión-Administración. Será además conocido el destino de los fondos desglosado por cada proyecto y línea de actividad de la organización.”*

O balance económico do presente informe detalla cada un dos apartados de gastos.

- B. *“Existirá un detalle de los principales proveedores y co-organizadores de la actividad. La organización contará con una Política de Aprobación de Gastos, así como criterios de selección de proveedores aprobados por el órgano de gobierno.”*

O baixo nivel de aprovisionamento da entidade fixo innecesario establecer unha política de aprobación de gastos e selección de provedores.

- C. *“La organización deberá preparar un presupuesto anual para el año siguiente con la correspondiente memoria explicativa y practicar la liquidación del presupuesto de ingresos y gastos del año anterior. El presupuesto y la liquidación estarán aprobados por el órgano de gobierno y serán públicos.”*

O padroado aprobou en reunión da xunta de goberno as contas do ano 2018, resumidas neste documento, e o presuposto para o ano 2019, que tamén se recolle nel.

- D. *“La organización no contará con recursos disponibles excesivos en los dos últimos años.”*

Todo o excedente do exercicio aplícase a reservas. As mesmas serán destinadas á compra de novas fincas que serán afectadas permanentemente ós fins fundacionais polo padroado en canto frutifiquen as negociacións en marcha.

- E. *“La organización no presentará una estructura financiera desequilibrada de forma continuada en los últimos tres años.”*

A estrutura financeira é equilibrada, estando ausentes os compromisos financeiros.

- F. *“Las inversiones deberán cumplir unos requisitos de prudencia razonable.”*

Non se teñen feito investimentos financeiros no presente ano, nin están previstos para os próximos.

- G. *“En el caso de contar con inversiones financieras, la organización contará con unas normas de inversión aprobadas por el órgano de gobierno.”*

Non se conta con investimentos financeiros, nin están previstos.

- H. *“Las inversiones en sociedades no cotizadas estarán relacionadas y ayudarán directamente a la consecución del fin social.”*

Non se teñen realizado investimentos en sociedades, nin están previstos.

- I. *“La organización respetará la voluntad de los donantes y se establecerán sistemas de seguimiento de fondos dirigidos. Los fondos procedentes de apadrinamiento se considerarán fondos dirigidos.”*

No ano 2018 a entidade non ofreceu a posibilidade de fondos dirixidos nin de apadrinamentos, dado que a súa misión é moi concreta e local. Os doadores teñen forma de saber con anticipación en que van investirse as súas achegas, por estar explicado na web da entidade.

## 8. Principio de Presentación das Contas Anuais e Cumprimento das Obrigas Legais

- A. *“La organización acreditará el cumplimiento de las obligaciones legales ante la Administración Tributaria, Seguridad Social y Protectorado o Registro correspondiente.”*

A entidade está exenta do Imposto de Sociedades, remitiu os certificados de doazóns ós doadores, non ten obrigas coa Seguridade Social por non ter empregados, ten entregada a documentación requirida ó protectorado da Xunta de Galicia e conta co certificado de rexistro.

- B. *“La organización elaborará las cuentas anuales de acuerdo con el Plan General de Contabilidad de Entidades sin Fines Lucrativos que serán sometidas a auditoría externa y aprobadas por la Asamblea General o el Patronato.”*

A entidade ten elaboradas as contas segundo o *Plan Xeral de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos*, anexas a este informe, aprobadas polo padroado. Non se ten feito auditoría externa por redución de custos e polo baixo nivel de operacións.

## 9. Principio de Promoción do Voluntariado

- A. *“La organización promoverá la participación de voluntarios en sus actividades.”*

No ano 2018 a Fundación tivo un número de voluntarios próximo ó do ano anterior (89 persoas distintas neste exercicio, fronte a 116 no 2017), polo que será necesario promover máis o voluntariado.

A participación do voluntariado traduciu-se nunha dedicación equivalente a 281 xornadas laborais de 8 horas.

- B. *“Estarán definidas aquellas actividades que están abiertas a ser desarrolladas por voluntarios. El documento en el que se recojan dichas actividades será público.”*

As actividades nas que puido participa-lo voluntariado foron publicadas na web segundo foi concretándose a súa programación.

- C. *“Se contará con un plan de formación acorde con las actividades designadas, a disposición de los voluntarios.”*

Antes do inicio de cada actividade, os voluntarios recibiron as debidas explicacións, non precisándose de maior planificación pola súa simplicidade.

- D. *“Los voluntarios estarán asegurados.”*

As actividades de campo nas que participaron os voluntarios estiveron cubertas por un seguro de accidentes e responsabilidade civil contratado por Fragas do Mandeo.